



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 231

Volume XLVII

xaneiro-febreiro 2023

### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Estudos**

Transformacións, involucións e frustración. Cousas que pasaron en Galicia na Igrexa posconciliar (fronteiras especialmente incluídas)  
por Daniel López Muñoz 5

Dez razóns polas que xa está mudando o perfil dos bispos de Galicia  
por Pedro Fernández Castelao 34

### **Achegas**

Sacerdote... para que comunidades? Para que Igrexa?  
Para que mundo?  
por Xaquín Campo Freire 51

Dez 'chagas' da Santa Igrexa, hoxe  
por Luís Pose Regueiro 62

Bieito XVI: o destino do Papa profesor  
por Andrés Torres Queiruga 69

### **Documento**

Sínodo das Mulleres. Documento de conclusións  
por Marisa Vidal Collazo 72

### **Crónica**

Carta desde a banda da esperanza  
por Manuel Regal Ledo 89



### **Recensiones**

*La revuelta de las mujeres en la Iglesia. Alzamos la voz*  
por Marisa Vidal Collazo 106

*Cuánto pesa una cabeza humana. Diario de un virus  
coronado por el miedo*  
por Ramón Cao Martínez 112

### **Ilustraciones**

por Soedade Pite 55, 79



As peticións e esixencias á Igrexa so teñen verdadeiramente sentido cando son peticións e esixencias que implican tamén a un mesmo. Máxime cando se trata de demandas de cambio e reforma que tocan aspectos persoais e estruturais. Non é a Igrexa unha institución allea aos membros que a compoñen, nin se identifica, sen máis, cos seus ministros ordenados. Non cabe dirixirse a ela coma algo externo, senón unicamente sentindo que quen formula a esixencia é igualmente concernido por aquilo que esixe a todos os demais.

Por iso, cando unha asociación cristiá coma *Encrucillada* formula demandas de cambio e reforma séntese ela mesma envolta por todo canto reclama, pois o centro da petición de cambio e mellora non se sitúa en ningún tipo de consigna ideolóxica susceptible de ser cualificada inadecuadamente de progresista ou conservadora, senón na proximidade ou afastamento á cerna do Evanxeo de Xesucristo, fillo de María, noso Señor. Ese é o único criterio válido para avaliar a pertinencia ou o desnorte das demandas. E dese proceso de discernimento non hai cristián que se poida considerar exento.

Xa adianto que o número que o lector ou lectora ten entre mans é un número duro. Non foi de doada redacción e tampouco o publicamos con despreocupación. Ao contrario, levámolo adiante movidos unicamente por un escrupuloso deber moral de querer vivir na verdade, fuxindo de discursos compracentes que evitan chamar ás cousas polo seu nome. E sobre todo, animados pola esperanza de que este traballo de análise realista poida contribuír a iluminar o camiño do futuro potenciando e orientando todos os cambios que fose preciso realizar.

Cando se trata de formular inquiredanzas comprometedoras e desafiantes só se pode facer desde diagnósticos compartidos, xustos e verdadeiros. Pero esa xustiza e esa verdade entrañan tamén a dor de sinalar feridas abertas, enfermidades crónicas e mesmo estados terminais.

Porén, o número comeza cun estudo de Daniel López Muñoz onde nos ofrece unha gran vidreira con múltiples figuras de cores

refulxentes. Os anacos dunha historia do que puido ser a Igrexa galega desde o Concilio Vaticano II ata case o presente. A grandeza do pequeno e a primacía do marxinal. Dá mágoa ver tanta vocación auténtica de tan clara entrega evanxélica absolutamente incomprendida, illada e marxinalada polos dirixentes eclesiais do momento. Pero esa foi a súa realidade. Hai aí gran dose de verdade.

Quen isto asina publica unha reflexión vinculada directamente coa próxima sucesión do arcebispo de Compostela. Trato de explicar as dez razóns polas que, ao meu ver, xa está mudando o perfil dos novos bispos de Galicia. Pensar o futuro esixe diagnosticar o presente. Para curar unha enfermidade, primeiro haina que recoñecer. Hai gromos de esperanza, pero as decisións fanse agardar.

Xaquín Campo Freire e Luís Pose Regueiro ofrécennos dúas achegas que axudan a afondar na necesidade dunha seria reforma estrutural. A reflexión de Xaquín ocúpase dos curas queimados e seriamente afectados pola soidade e o desgaste. A de Luís rememora a Rosmini e a súa denuncia profética.

Andrés Torres Queiruga e Marisa Vidal Collazo ofrecen traballos sobre acontecementos recentes. O primeiro recorda a Bieito XVI e avalía con honestidade e precisión o seu perfil como teólogo e como Papa. O segundo achéganos ás conclusións do Sínodo Mundial de Mulleres sobre as que, de seguro, cómpre reflexionar.

Os debuxos de Soedade Pite, unha recensión de Marisa Vidal, outra de Ramón Cao e, finalmente, a Rolda de Igrexa de Manolo Regal completan un número que, se resulta cru, roxo ou duro de roer sobre o papel, pense o lector ou lectora como de correúdo ha ser na experiencia cotiá da vida práctica. Menos mal que, nestes momentos nos que se aveciñan cambios en importantes dioceses de Galicia, segue aceso o facho da esperanza.

**Pedro Castelao**